

## ORIENTACIÓNS SOBRE O CONTIDO E GRAO DE DIFICULTADE DA PROBA PARA O ACCESO A GRAO SUPERIOR DA ESPECIALIDADE DE PEDAGOXÍA, ITINERARIO DE PEDAGOXÍA XERAL E DA LINGUAXE MUSICAL

A proba constará de tres partes:

Parte a: Interpretación no instrumento principal (ou voz, no caso de canto), ata quince minutos, das obras que determine o tribunal dunha relación presentada, por escrito, previamente polo candidato.

Esta relación de obras deberá incluír polo menos tres de dificultade media (nivel dos últimos cursos de grao profesional), pertencentes aos estilos máis representativos da literatura do instrumento, libremente elixidos polo candidato. No caso do canto, a relación constará dun mínimo de seis obras.

O alumno presentará ao tribunal, polo menos, dúas copias das obras que vai interpretar. A ponderación desta parte sobre o total da proba será do 20% do total da proba específica.

Parte b: Proba vocal individual.

A proba vocal a capella será proposta polo tribunal; estará dentro dunha contorna tonal e e poderá ter acompañamento pianístico ou non.

O alumno contará con cinco minutos para a súa preparación sen axuda de ningún instrumento, podendo dar a primeira nota ou o acorde da tonalidade no piano ou no seu instrumento principal.

A proba vocal a capella representará un 20% do total da proba específica.

Parte c: Composición dunha peza breve, de carácter didáctico, sobre unha melodía ou un texto proposto polo tribunal. O aspirante deberá realizar unha defensa didáctica da súa aplicación.

O tribunal propondrá un texto ou unha melodía sobre o que os candidatos elaborarán unha composición breve cos elementos rítmicos, melódicos e armónicos que consideren oportunos. Así mesmo, utilizarán a instrumentación que consideren máis adecuada.

Deberán interpretar ante o tribunal a composición cantando e á vez acompañándose co piano. Posteriormente lerán a proposta didáctica.

Esta proba representará un 20% da proba específica.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA DE ACCESO

### Parte a:

- Interpretación axustada ao estilo e á estética do período en que foi composta a obra.
- Interpretación correcta dende a linguaxe musical.
- Execución técnica adecuada.
- Adecuación da agónica, a dinámica e o fraseo.
- Coidado do son e dos distintos tipos de ataques.
- Afinación correcta.
- Expresividade e musicalidade manifestadas na interpretación da obra.

### Parte b:

- Afinación correcta.
- Interpretación axustada dende a linguaxe musical: ritmo, entoación, agónica, dinámica, forma, fraseo, expresividade, musicalidade...
- Impostación da voz. Resonancia.
- Realización correcta das respiracións.
- Interpretación axustada ao estilo.

### Parte c:

- Adecuación do ritmo e do compás ós acentos do texto.
- Correcta cuadratura das frases.
- Contorno melódico en relación ó texto.
- Contorno armónico en relación ó texto.
- Tratamento da melodía acompañada.
- Forma elixida e a súa relación co texto.
- Emprego da agónica e a dinámica relacionándoa co significado do texto.
- Instrumentación que presenta: formación e o seu tratamento.
- Corrección lingüística e claridade expositiva na defensa didáctica.

DEPARTAMENTO DE PEDAGOXÍA

A CORUÑA, MAIO DE 2022